



Concello de Cospeito

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE 3 PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES DURANTE 4 MESES EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO CON CARGO AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2026 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO EXPTE.: 680/2026

Visto o expediente que se tramita para a selección de 3 peóns de servizos múltiples durante 4 meses en réxime de funcionario interino con cargo ao Plan Deputación de cooperación aos concellos 2026 e creación de bolsa de emprego.

Sendo as 10:45 horas do día 24 de setembro de 2026 na nave municipal do Concello de Cospeito constitúese o tribunal de selección designado por Resolución de Alcaldía de data 21 de setembro de 2026 núm. 2026-0692, formado polos seguintes membros:

Presidenta: Ana María Cabana Martínez

Secretaria: Ana María Rubiera Álvarez

Vogais: Cristina Amado Verdes
Luis Martínez Veiga
Noemí Berta García Abelairas

É obxecto deste acto a realización das probas do proceso selectivo segundo a base 8 das bases da convocatoria que dí:

“A selección efectuarase mediante o sistema de oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

Puntuación máxima:

Na fase de oposición valoraranse ata un máximo de 80 puntos.

Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados na páxina web do Concello de Cospeito e no taboleiro de anuncios.

Criterios de valoración na fase de oposición:

A fase de oposición consistirá na realización dun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que de seguido se describen:

- Primeiro exercicio. Práctico

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propias do posto de traballo: unha ou varias probas prácticas de albañilería, fontanería, manexo dos vehículos municipais, xardinería, electricidade e/ou calquera outra relacionada cas funcións do posto, durante o tempo que se determine polo

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

ANA MARIA CABANA MARTINEZ (1 para 5)
ADMINISTRATIVA
Data de Sinatura: 24/09/2026
HASH: f4d3c6e65e19535308d0d0a8f185c6



ANA MARIA RUBIERA ALVAREZ (2 para 5)
Secretaria Xeral
Data de Sinatura: 24/09/2026
HASH: 674427e7d221052133368c6a29ab4d9



CRISTINA AMADO VERDES (3 para 5)
auxiliar administrativa
Data de Sinatura: 24/09/2026
HASH: 42643e6bde70c89a01d85dc0c01445



Cod. Validación: 9CA75A20X4RCOKXZM3WZHTG46
Corrección: https://concellodecospoito.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4





Concello de Cospeito

Tribunal. Nesta proba valorarase especialmente a habilidade e aportación persoal do aspirante e o tempo de realización da proba.

Este exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 80 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 40 para superala.

Ao ter carácter eliminatorio, a non superación desta proba suporá a eliminación do concursante no proceso selectivo."

A proba a realizar consiste no desmontaxe e montaxe do cabezal da desbrozadora para o inicio dos traballos de desbroce.

Valórarase 80 puntos e terase en conta a habilidade a aportación persoal do aspirante e o tempo de realización da proba asignando 40 puntos a cada un destes aspectos e valorando o tempo proporcionalmente, outorgando a máxima puntuación ó mellor tempo empregado e calculándose os demais tempos proporcionalmente.

A continuación efectúase o chamamento dos aspirantes admitidos segundo a resolución da alcaldía antes citada resultando:

Presentados:

D. Jose Manuel Sanchez Rozas	***7126**
D. Javier Folgueira Carreiras	***7693**

Non existen aspirantes non presentados

Realizada a proba o resultado é o seguinte:

ASPIRANTES ADMITIDOS	DNI	VALORACIÓN DO TEMPO DE REALIZACIÓN DA PROBA (40 puntos) TEMPO	VALORACIÓN DA HABILIDADE E APORTACIÓN PERSOAL (40 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL
D. José Manuel Sánchez Rozas	***7126**	40 (01:05,49)	35	75
D. Javier Folgueira Carreiras	***7693**	21,14 (02:03,04)	35	56,14

Acto seguido, sendo as 11:05 horas, no Salón de Sesións da Casa Consistorial, realízase exame de galego ao candidato admitido no proceso selectivo que non

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

MARTINEZ UDEGA, LUIS

GARCIA ABELAIRAS, NOEMI BERTA (5 para 5)
Tercero
Data de Sinalura: 24/09/2026
HASH: bc1497b76201d8b52b075f693b189b

Cod. Validación: 9CA75AZQX4RCQXXM3WZHTG46
Corrección: https://concellocospeito.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4





Concello de Cospeito

acreditou o coñecemento do idioma galego atendendo ao establecido na cláusula 4.8 das bases que rexen o proceso selectivo.

O RESULTADO DESTE EXAME É O QUE SEGUE:

ASPIRANTES ADMITIDOS	DNI	EXAME GALEGO
D. Javier Folgueira Carreiras	***7693**	APTO

En base a estes antecedentes o tribunal por unanimidade acorda:

Primeiro.- Propoñer para o seu nomeamento como funcionarios interinos aos seguintes candidatos, coa seguinte puntuación total:

D. José Manuel Sánchez Rozas	***7126**	40 (01:05,49)	35	75
D. Javier Folgueira Carreiras	***7693**	21,14 (02:03,04)	35	56,14

Segundo.- Consonte á cláusula 9 das bases que rexen o proceso selectivo, non se propón a constitución dunha bolsa de emprego na praza de peón de servizos múltiples por non haber aspirantes.

Terceiro.- Publicar a listaxe das persoas seleccionadas na páxina web do Concello de Cospeito segundo o indicado na cláusula 8 das bases reguladoras do proceso selectivo e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as aspirantes propostos/as presentarán no rexistro do Concello, no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

Cod. Validación: 9CA75A20X4RCOKXZM3WZHTG46
Corrección: <https://concellodecospoito.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4





Concello de Cospeito

- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

Rematado o acto, levántase a sesión sendo as 11:30 horas do día da data, redactándose de todo o actuado a presente acta que asina a Sra. Presidenta, e da que eu como Secretaria dou fe.

Dona Ana María Cabana Martínez

Dona Ana María Rubiera Álvarez

Dona Cristina Amado Verdes

Don Luis Martínez Veiga

Dona Noemí Berta García Abelairas

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

Cod. Validación: 9CA75AZQX4RCOKXZM3WZHTG46
Corrección: <https://concellocospeito.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Paxina 4 a 4

